

Vida e morte dun mestre republicano

Narciso de Gabriel

Universidade da Coruña

Arximiro Rico Trabada naceu no San Bernabé (Baleira-Lugo) o 14 de setembro de 1905, froito do matrimonio formado por Aquilino e Carmen¹. Tendo en conta a época e lugar en que se criou, posiblemente asistira ás escolas de ferrado -así denominadas porque inicialmente se pagaba un ferrado de gran por neno e ano- durante varios invernos, aínda que tamén é posible que concorrera á pública.

Andando o tempo el mesmo exerceu como escolante -mestre particular sen título-, posiblemente desde moi novo, como adoitaba suceder. A súa sobriña, Asunción Rico Navia, lembra que traballou durante varias temporadas en Mendreiras, e que nunha delas o acompañou en calidade de alumna.

Cos cartos que lle fornecía este oficio fixo por libre os estudos de Maxisterio na Escola Normal de Santiago de Compostela durante os cursos 1924-1925, 1925-1926 e 1926-1927. Cursou o Plan de 1914, obtendo na maioría das materias a cualificación de aprobado, agás dous notables en caligrafía (1º e 2º) e un en prácticas escolares. O que peor se lle daba era a historia, pois suspendeu a da Idade Media nos exames ordinarios, superándoa nos extraordinarios, e tivo que repetir a da Idade Moderna. En debuxo (2º) e francés (2º) tamén tivo

¹ Expediente persoal de Arximiro Rico Trabada, Arquivo Xeral da Administración (Alcalá de Henares), Educación, leg. 7789, exp. 16.

² *Ibid.*

³ Os nomes que figuran entre paréntese ou aos que se alude expresamente no texto corresponden ás persoas entrevistadas para reconstruír a traxectoria de Arximiro. A súa relación completa figura ao final do traballo. A todas elas quero expresar o meu recoñecemento pola colaboración prestada, sen a que tería sido imposible esta investigación, baseada sobre todo en fontes orais. Algúns dos informantes (Antón Arias Dorado, Ramón Díaz Muíño, Constantino Fernández Trashoras, Manuel Sarille Lanceiro, Asunción Rico Navia e Estrella Trashoras Díaz) tiveron a oportunidade de ler este texto antes da súa publicación e de facer as observacións que estimaron oportunas. Quero confesar que a satisfacción, e mesmo emoción, que neles produciu o feito de que por fin se dese a coñecer a vida de Arximiro foi unha das miñas maiores gratificacións como historiador.

que recorrer á convocatoria extraordinaria². Cando se examinou de francés estivo quince días en Santiago para asistir a clases de conversación (Arias Dorado³). En 1929 solicita que se lle expida o título correspondente.

Rematados os estudos, iniciou a súa andaina no maxisterio público. As oposicións fíxoas en Madrid, canda outro irmán seu, chamado José, que as suspendeu, aínda que finalmente puido ingresar no escalafón ao ampliárense as listas⁴. Arximiro aprobou e conseguiu un número que lle daba unha ampla marxe de elección de destino, pero optou polo San Bernabé, convencido pola súa nai, “unha señora moi persuasiva” (Rico Navia). Non demos coa folla de servicios, pero sabemos que exerceu nas escolas da Fontaneira primeiro e de San Bernabé máis adiante, ambas no concello de Baleira.

E foi sobre todo no San Bernabé onde se deixou sentir o seu maxisterio con máis profundidade. A escola estaba situada no lugar do Loureiro e ocupaba un edificio de planta baixa e alta, construído polos veciños das Salgueiras, Paradela, Loureiro, A Xesteira e San Bernabé co propósito de dedicalo a “Casa-Escuela y Casa-Habitación del Maestro nacional de San Bernabé”. En novembro de 1931 os seus propietarios acordan alugalo ao concello de Baleira a tales efectos por unha cantidade non inferior aos vinte pesos anuais, facultando a Eduardo Torneiro Chaín para que así o fixese e se encargase de cobrar a renda, que se distribuiría segundo acordasen a maioría dos propietarios⁵. Tal como se fai constar na estatística escolar de 1931, o seu estado de conservación era bo, como boas eran as súas condicións hixiénicas e pedagóxicas, e dispuña de material moderno, se ben insuficiente⁶. O propio mestre construíra algunha das mesas coas que estaba equipada.

En 1931 tiña corenta alumnos matriculados, dezanove nenos e vinteunha nenas, dos que só catro eran menores de oito anos. A súa asistencia era practicamente total entre decembro e marzo, pero diminuía notablemente en abril, maio e novembro, para reducirse a cero en xuño, xullo e outubro. O ano escolar coñecía, xa que logo, tres fases ben diferenciadas, de máximo, medio e nulo aproveitamento. Nos meses de inverno daba clases nocturnas de adultos, nas que había matriculados nove rapaces e sete rapazas, asistindo como media uns catorce⁷. Un dos que concorreu a elas, Arsenio Díaz Saavedra, lembra que eran de oito a dez da noite, se ben ás veces se alongaban ata as once ou as doce.

⁴ José Rico Trabada, nacido en 1900, cursou estudos por oficial na Escola Normal de Mestres de Madrid a principios da década de 1920 (Expediente persoal de José Rico Trabada, Arquivo Xeral da Administración, Alcalá de Henares, Educación, leg. 7587, exp. 2).

⁵ Este documento consérvase no Arquivo Municipal de Baleira, nunha carpeta sen clasificar.

⁶ Estatística escolar de 1931, Escola de San Bernabé, Arquivo Municipal de Baleira.

⁷ *Ibid.*

Pero o seu labor docente non se limitaba aos nenos e adultos que cursaban o ensino primario. No San Bernabé había varios rapaces que estudiaban bacharelato ou maxisterio por libre, examinándose en Lugo os primeiros e en Santiago os segundos. Un deles foi Antón Arias Dorado -chamábanlle “O Cadavés”-, que estivo cinco anos -desde os nove aos catorce- con Arximiro, vivindo na casa deste, onde o trataban como un membro máis da familia. Durante ese tempo preparou e aprobou o ingreso no instituto e os tres primeiros anos do bacharelato. En cuarto non tivo o mesmo éxito, pois empezou a interesarse máis polas mozas que polos estudos, de modo que o seu pai decidiu ingresalo nos Maristas de Lugo.

Non sabemos o número de rapaces e rapazas que fixeron o bacharelato ou maxisterio no San Bernabé, pero nas conversas que tiveron con alumnos seus demos identificado máis de dez. En carta remitida por Gumersindo Rico a Manuel Sarille en 1996 afirmase que entre 1931 e 1936 foron seis os que fixeron maxisterio e outros tantos o bacharelato⁸. E tentou que estudiasen outros, como é o caso de María⁹. Falou coa nai dela -era orfa de pai- para dicirlle que tanto María como a súa irmá reunían condicións para estudiaren, e ofreceulles os libros do seu irmán Gumersindo, e tamén acompañalas cando tivesen que examinarse, como facía cos outros. Neste caso non puido ser, porque a familia non podía prescindir do traballo de María.

Moitos dos alumnos que non cursaron máis que os estudos primarios convertéronse en escolantes. O de máis longa traxectoria foi José Rancaño, ao que Arximiro non só formou, senón que tamén asesorou cando se iniciou no oficio, dándolle orientacións prácticas e bibliográficas. Arximiro non semellaba rivalizar cos escolantes -el mesmo tiña sido-, entre outras razóns porque seguramente estaría convencido da importante función que cumprían nun medio onde o ensino público tiña escasa presenza. Outros alumnos seus que se fixeron escolantes foron Antonio Torneiro, que logo emigrou a Buenos Aires, e Arsenio Díaz Saavedra, este só durante dous anos. E cando estivo ensinando na Fontaneira tamén formou alumnos que despois se dedicaron a facer escola de forma particular. Case todos adquiriron unha certa sona no oficio, e o feito de teren sido formados por Arximiro constituía para eles un aval de competencia.

Pero con independencia de que se dedicasen formalmente a ensinar, os alumnos de Arximiro sobranceaban sobre o resto. Aínda que un rapaz só fose dous meses á súa escola, “dicían que se lle notaba xa muchísimo”, e “os alumnos de Rico dábannos explicacións a todos” (Fernández Trashorras). De aí que na súa clase de primaria, ademais dos nenos de

⁸ Información comunicada por Xosé Manuel Sarille.

San Bernabé, houberon outros que procedían dos arredores. Os que tiñan un parente ou amigo mandaban alí os seus nenos, e outros fan e viñan todos os días, como facían algúns de Martín. San Bernabé era enxexado en toda a bisbarra, tanto pola unión das súas xentes como pola educación que recibían do seu mestre (Díaz Saavedra). E de feito, moitos dos rapaces que estudaron con Arximiro conseguiron traballar no Metro ou no parque móbil dos Ministerios en Madrid ou ben facérense gardas civís ou policía, postos de traballo apetecidos na época.

Ademais de dar clase aos alumnos de primaria, bacharelato e maxisterio, aos que a veces lles daba explicacións conxuntamente, e de atender as clases de adultos, Arximiro realizou no San Bernabé diversas actividades culturais cos seus alumnos. Formou un grupo de teatro, que representou varias obras, desprazándose mesmo a localidades próximas, como A Fonsagrada, Meira, A Pontenova e Montecubeiro -Manuel Sarille compárao, á escala que corresponda, con "La Barraca" de García Lorca-. Arsenio Díaz Saavedra formaba parte deste grupo, e afirma que as tres obras por el representadas estaban escritas en galego: "Porque el [Arximiro] era moi galleguista". Arsenio lembra unha frase dunha obra por el representada -"Eu quérote a ti, Marica, eu quérote a ti máis que ás meniñas dos meus ollos, e a elas quéroas con toda a miña alma porque son as que te ven"-, que corresponde á comedia *Noite de ruada*, de Leandro Carré Alvarellos, segundo puiden saber gracias ás orientacións de Laura Tato¹⁰. Antón Arias Dorado representou unha obra coa súa compañeira Maria, aínda que neste caso estaba escrita en castelán.

Arximiro organizou tamén un grupo de música e danza e un coro, que ensaiaba un sobriño seu -fora seminarista en Mondoñedo e agora estudiaba maxisterio co seu tío- e dirixía el mesmo cando actuaba, facéndoo así mesmo en diversas localidades. Unha das pezas que se interpretaban era o Himno Galego.

Os cartos que sacasen con estas actuacións estaba previsto destinalos á adquisición dunha biblioteca escolar, que en 1931 aínda non existía¹¹. E niso chegou un inspector de visita á escola, Joaquín García Ojeda. Preguntou por que estaba pintada de negro a parede do fondo. O mestre díxolle que formaba parte do decorado da obra teatral que estaban ensaiando, co propósito que vimos de sinalar. Animouno a seguir con esta actividade, pero díxolle que el se encargaría de facer as xestións necesarias para dotar ao pobo da biblioteca. E así

⁹ Non identificamos a esta informante por expresa petición da mesma.

¹⁰ Leandro Carré Alvarellos, *Noite de ruada*, Ourense, Folletín do Tío Marcos da Portela, 1918.

¹¹ Estadística escolar de 1931, citada.

foi, os libros chegaron e organizouse a biblioteca, da secretaría da cal se encargou Julio Vilares Andión. Cando un quería ler un libro asinaba o recibo correspondente e leváboo para a súa casa (Díaz Saavedra).

A visita deste inspector está aínda moi presente na memoria dos veciños. Constantino Fernández di que, despois de interrogar aos alumnos de primaria con resultados satisfactorios, escoitou ruxido de zocas no sobrado e preguntoulle ao mestre quen tiña enriba. Este contestoulle que eran varios alumnos de maxisterio e bacharelato, que estudiaban con el por libre. E o inspector, despois de comprobar os seus coñecementos, concluíu: "Usted no tiene aquí una escuela, tiene una universidad". Antón Arias cóntao de forma moi parecida: "En Galicia hai dos universidades, la de Santiago y la de San Bernabé", diría o inspector. Non é sorprendente que este quedase marabillado do traballo realizado polo mestre de San Bernabé, sobre todo tendo en conta o escenario xeográfico onde se desenvolvía.

Con ser importante, a actuación de Arximiro Rico Trabada non se limitou ao ámbito escolar. Realizou un intenso labor de mobilización cultural e social en toda a bisbarra. Non resulta doado deixar constancia do mesmo, pero procuraremos cando menos insinuar algunha das súas dimensións.

El era o conselleiro dos labregos, aos que orientaba sobre a mellor forma de cultivar e tirar proveito das súas terras. Moitos domingos, á saída da misa, sentábase á sombra dunha árbore, formábase un corro de xente ao seu arredor, e facía proxectos: "Aquí, nesta ladeira do monte, habería que plantar pinos, acolá poñer colmeas" (Díaz Muíño). Foi el quen promoveu as primeiras plantacións de piñeiros, sobre todo na Ribeira de Piquín, en montes que non servían para outros cultivos, celebrando ás veces a festa da árbore para inculcar nos seus alumnos o interese pola repoboación forestal (Fernández Trashorras). A apicultura era outra das súas afeccións, chegando a ter numerosos trobos e colmeas modernas, algunhas construídas por el mesmo (Arias Dorado).

Se enfermaba un animal recorríase frecuentemente a el para que dictaminase cal era o mellor remedio. Se enfermaba unha persoa visitábaa e axudábaa, pónolle inxeccións e mesmo aconsellando o tratamento máis indicado. E debíao facer cun certo criterio, pois a lectura de libros de medicina era unha das súas ocupacións preferidas no tempo que lle deixaban libre as clases (Díaz Saavedra) e segundo a súa sobriña Asunción Rico chegou a facer ata segundo de medicina. En ocasións tiña éxito nas súas prescricións, como aconteceu cando caeu dunha árbore, lesionándose no lombo, un irmán de Constantino Fernández.

No seu día fixo xestións, xunto co mestre de Piñeira, para conseguir unha estrada que

comunicase a zona, encargándose do seu trazado un enxeñeiro de camiños amigo seu, que se chamaba Cándido e era da Fonsagrada, se ben o proxecto non foi adiante por mor da guerra (Arias Dorado e Rico Navia).

Intervíña nos conflitos entre os veciños para procurar o acordo. Así o fixo, con resultados satisfactorios, nun litixio que tivo o pai de Arsenio Díaz. Era o “home bo” do lugar, e polo que sabemos non debía resultarlle difícil exercer ese papel. Porque a bondade é unha das notas que todos salientan ao falar del, ata o extremo de que quen isto escribe bota de menos algunha información que permita albiscar debilidades no seu comportamento, que sen dúbida algunha habería. Bondade unida a xenerosidade, pois estaba sempre disposto a axudar aos demais, mesmo economicamente. Arsenio Díaz díxolle un día: “Así non te farás rico”, e el retrucoulle: “Rico xa o son de apelido”.

Xoán Vicente Viqueira seguramente non coñecera a Arximiro, pero estábao describindo con precisión ao debuxar o perfil de mestre que Galicia necesitaba:

Quixera eu aínda que a escola fixese máis. Quixera ver nela o centro cultural dos campos e das pequenas vilas. Nela deben fundarse bibliotecas, a ser posible circulantes; nela deben organizarse conferencias sobre os problemas do momento, agrícolas e económicas. O mestre debe ser o conselleiro en todas aquelas cuestións dos galegos como cidadáns, como agricultores e como comerciantes, sen ter agora conta da influencia que ten de exercer no sentido do refinamento humano.¹²

A imaxe que eu teño de Arximiro -don Arximiro, din con respecto e admiración algúns dos seus antigos alumnos e coñecidos- é sumamente borrosa. A información de que dispoño é moi fragmentaria e deixa totalmente escurecidos importantes aspectos da súa personalidade. Pero teño a convicción de que encarna unha nova figura de mestre, ao que podemos denominar “mestre republicano”, sempre e cando sexamos conscientes de que empeza a agromar antes da II República, por máis que se consolide coa mesma. A década dos vinte e a primeira metade dos trinta -precisamente o período en que traballou o noso protagonista no maxisterio público- son claves neste proceso.

Sintetizando e simplificando, trátase dunha figura -polo menos así a imaxino- plenamente consciente da importancia da súa misión e polo tanto cun elevado autoconcepto do maxisterio. Que se sinte respaldado polo Estado, ao que representa. Que afirma a súa autonomía

¹² Xohán Vicente Viqueira, *Da Galicia de mañá*, Vigo, Galaxia, 1974, páx. 32.

fronte a outros poderes, sobre todo os eclesiásticos, que viñan tutelando tradicionalmente escolas e mestres. Que se dedica intensamente á función docente e procura a dinamización cultural do lugar onde exerce. Que se interesa pola renovación pedagóxica. Que consegue prestixio e autoridade entre os seus veciños, converténdose nun importante punto de referencia para os mesmos. Que procura moverse con tino nas liortas políticas locais, aínda que normalmente se incline a prol dos sectores máis identificados coa República e o Progreso. Que aposta pola modernización social. Que adquire mesmo un porte distinguido.

Sobre a actividade política de Arximiro é moi pouco o que sabemos. Quen o coñeceu afirma sen dubidalo que non tivo especial protagonismo neste campo, no sentido de abandeirar determinadas posicións e facer proselitismo a prol delas: “De política nada”, veñen a dicir case todos os informantes, e sobre todo os que foron alumnos seus.

De todas formas, Manuel Sarille, aínda recoñecendo que o seu traballo foi fundamentalmente cultural, considera necesario matizar esta apreciación. Sarille, natural de Montecubeiro (Castroverde), tiña un irmán chamado Bonifacio que lideraba a Unión de Labregos desta parroquia e do que Arximiro era íntimo amigo¹³. O mestre de San Bernabé visitaba a cotío Montecubeiro, de onde procedía a súa nai, participando en actividades culturais desenvolvidas pola Unión, pero tamén en mitins, como o que tivo lugar o 14 de abril de 1936 para celebrar a festa da República. Nesta ocasión pronunciou un discurso en castelán, defendendo a cultura como factor de liberación -“La cultura os hará libres”-, e redactou os que pronunciaron Manuel Sarille, a súa irmá Carmen, fusilada ao ano seguinte, e outro mozo do lugar. O que escribiu en galego para Manuel Sarille, de claro ton pondaliano, comezaba así:

Houbo un tempo en que forte e esplendorosa,
Galicia foi polas nacións mirada,
e baixo a súa bandeira victoriosa,
tiña moita grandeza cobixada.

Arximiro era un intelectual comprometido coa súa época, as súas xentes e o seu país, e como tal non podía permanecer alleo á actividade política, especialmente na conxuntura histórica que lle correspondeu vivir, caracterizada por unha intensa polarización entre dereita e esquerda. Aínda que inicialmente non se integrase en ningún partido, todo semella indicar que en 1935 foi un dos que asinou a solicitude para crear a agrupación de *Izquierda*

¹³ Cfr. Xosé Manuel Sarille, *art. cit.*

Republicana en Baleira, e posiblemente a partir dese momento tivese unha maior presenza en actos cunha clara dimensión política.

Pero na política local o protagonismo dentro da familia dos Rico non correspondía a Arximiro senón a un medio irmán seu chamado Jesús María Rico Castro, que estudiara comercio na Coruña. Era un home próximo a *Izquierda Republicana*, así como a Portela Valladares, que tiña o seu principal feudo nas terras limítrofes da Fonsagrada e se presentou ás eleccións de 1936 cunha candidatura de centro. De feito, Jesús María era correspondente ou polo menos estaba subscrito ao xornal de Portela, *El Pueblo Gallego*.

Jesús María protagonizou un suceso ao que todos os informantes atribúen unha especial significación para explicar o que acontecerá máis adiante. As versións que do mesmo circulan son parcialmente diferentes, pero contrastando diversas fontes podemos aproximarnos á descrición do que realmente aconteceu.

O suceso tivo lugar en 1935 na igrexa de Martín, onde, como todos os anos, se celebra un novenario, a cargo nesta ocasión dun franciscano ou xesuíta. Este era o encargado da predicación, pero parece que o crego do lugar o aleccionaba sobre a dirección que lle debía imprimir ás súas prédicas. Un dos primeiros días puxo o exemplo dunha rapaza que, estando no teatro, quedara posuída polo demo, e que cando un crego tentou liberala o demo contestou “que como estaba na casa del se consideraba con dereito a ela” (Díaz Muíño). O teatro era, como xa dixemos, unha das actividades culturais que realizaba Arximiro cos seus alumnos, o que non era ben visto polo clero (Díaz Saavedra).

Á saída da misa o xesuíta atopouse cun sobriño de Arximiro, que estudiaba con el e que antes o fixera no Seminario de Mondoñedo, coñecido como “O Trabadiña”, un home de escasa presenza física pero cunha mente bastante despexada. E saudáronse: “Buenos días, buena gente”, diría o xesuíta, ao que retrucaría o ex-seminarista: “Mire, por la vida pasan muchos por malos que son buenos y muchos por buenos que son malos” (Fernández Trashorras). E de seguido entraron en materia. “O Trabadiña”, que estaba implicado no asunto do teatro, argumentou: “Según la doctrina, el demonio tienta en todas partes. ¿Verdad que tienta también en la iglesia?”. Dado que o seu interlocutor semella que asentiu, tirou rapidamente a conclusión que lle interesaba: “Pues entonces también diremos que la iglesia es la casa del demonio”. A conclusión non debeu ser do agrado do xesuíta, que deu por rematada a conversa: “Para aclarar y dar soluciones está la rectoral”.

Ao día seguinte, co ambiente xa caldeado, e advertidos os Rico do ataque de que foran obxecto a véspera, o xesuíta defendeu a tese de que “sen restitución non hai perdón”. E no

medio da predicación Jesús María pediu facer uso da palabra -"unha imprudencia pola súa parte", dirá a súa filla-: "Se este meu veciño -sinalando un que tiña á súa beira- me colle o xornal que levo no peto e que xa lin, e mañá mo devolve, e eu estou conforme coa restitución, ¿que necesidade ten de confesarlo a ninguén máis?". A resposta que recibiu foi contundente: "Su doctrina es de protestantes. Y está usted facturado para donde no quisiera estarlo yo. Recórdoo como se fora agora mesmo" (Díaz Muíño).

O incidente produciu un enorme impacto nos presentes, e sobre todo no cura da parroquia: que un seu fregués tivese a ousadía de cuestionar a palabra dun representante da igrexa no seu propio territorio era certamente inusitado. O xesuíta deu por rematado o sermón. Armouse un rebumbio considerable. Algúns botaron mans das cadeiras para agredírense. A discusión proseguiu á saída da igrexa, formándose dous bandos, un arredor dos curas e outro de Jesús María e os seus irmáns, Gumersindo e Arximiro, aínda que este último, ao dicir dalgunhas testemuñas, non estaba presente naquela ocasión.

Estes feitos deron lugar a un xuízo de faltas que se celebrou no Cádavo. Non se conserva a documentación do mesmo, que posiblemente alguén fixo desaparecer, pero Arsenio Díaz Saavedra confirma que así foi, pois el mesmo declarou como testemuño de Jesús María Rico, que se defendeu persoalmente. O xuíz preguntoulle varias veces a Arsenio, por ver se se contradecía: "¿No es verdad que el señor X usa un bastón por deficiencias físicas?", ao que el respondeu invariablemente: "Si señor, pero en aquel momento no lo usaba para apoyarse en él, sino que lo levantó para pegarle al señor [Jesús María] Rico".

A participación, no seu caso, do mestre de San Bernabé na discusión que se produciu como consecuencia deste episodio non se explica en virtude dun suposto anticlericalismo. Como di Antón Arias, se fose anticlerical non levaría os domingos á misa aos rapaces que con el estaban estudiando. Polo demais, cando se prescindiu do ensino da relixión nas escolas aconselloulles aos seus alumnos que estudiasen o catecismo. María aínda conserva o Astete que lle deu, e lembra con precisión as palabras pronunciadas por don Arximiro:

Eu desde logo non podo dar catecismo no colegio porque mo prohibiron, agora que, tomade -e déunos a cada alumno seu catecismo-, e non olvideis que a relixión é a base fundamental da educación humana. Estas mesmas palabras.

Ao falarmos da actitude relixiosa de Arximiro, Estrella Trashorras Díaz lémbrese do epitafio que este fixo escribir na tumba do seu pai, que segundo ela constitúe un testemuño da relixiosidade do mestre. Estrella, que o ten lido no cemiterio de Martín, repíteo sen vacila-

cións e con voz grave:

Un Padrenuestro te ruego hermano por caridad
puesto que tarde o temprano tienes que venir aquí.
Lo que eres tu yo fui, lo que soy yo tu serás
y luego agradecerás que te lo recen a ti.

Manuel Sarille considera non obstante que, con independencia de cales fosen as súas conviccións relixiosas, Arximiro tiña unha visión crítica respecto da igrexa católica, por entender que fomentaba a superstición e o fanatismo, lastres que debían combaterse por medio da cultura.

Polo demais, a súa familia estaba enfrontada á do crego de Martín. Inicialmente mantiñan boas relacións, pero as diferencias que xurdiron na xestión dunha cooperativa dirixida por membros de ambas familias desencadeou un conflito que foi medrando co paso do tempo e que derivou nunha loita polo liderazgo local, como ben sinala Xosé Manuel Sarille no artigo que sigue a este. A escenificación pública máis contundente deste conflito foi o incidente acontecido na igrexa de Martín, que aínda permanece moi vivo na memoria dos veciños. O crego aproveitou o púlpito para atacar directamente o labor cultural que Arximiro estaba a facer en San Bernabé, e a familia dos Rico non quedou calada, pois respondeu por medio de Jesús María cunha provocación similar.

E niso produciuse a sublevación militar de 1936. Arximiro estaba situado no bando republicano, como unha boa parte do maxisterio, por máis que non tivera unha intervención política salientable durante a República. En todo caso, formaba parte dunha familia enfrontada aos que se farán co poder local na nova conxuntura. O seu irmán, Jesús María, morreu o 28 de xullo de 1936¹⁴. Gumersindo estaba de permiso e non se reincorporou ao exército, polo que andou fuxido. Arximiro inicialmente semella que nada temía, pero pronto se decatou que ían por el, e tamén tivo que agacharse.

O que sucedeu nestes primeiros meses tentaremos reconstruílo botando man do rexistro de saída de correspondencia do concello de Baleira, pois non conseguimos consultar os oficios completos máis que nun caso; dous documentos depositados no Arquivo Histórico Universitario de Santiago; e o expediente de “depuración”, conservado no Arquivo Xeral da

¹⁴ No Rexistro xeral de saída de documentos e comunicacións (1930-1939) do concello de Baleira, depositado no Arquivo do mesmo, existe constancia dun oficio comunicando a Correos a morte nesa data do carteiro de San Bernabé, Jesús María Rico Castro.

Administración (Alcalá de Henares).

O 7 de agosto de 1936 a Alcaldía de Baleira oficia á Sección de primeiro ensino de Lugo para informar “que los Maestros de este distrito que se han pronunciado en contra del movimiento patriótico Nacional son los de Regodepereira y San Bernabé”. Non sabemos que cargos concretos se lles apuñan, pero podemos imaxinalos facilmente. O 27 de agosto infórmasse ao Rectorado da Universidade de Santiago “respecto al comportamiento Maestros al enseñar a los niños, sobre ideario”. O 3 de setembro dáse conta a esta mesma autoridade dos que estaban á fronte das súas escolas o primeiro de setembro, relación na que non debía figurar Arximiro, pois o 9 de outubro comunícaselle ao rector que “D. Argimiro Rico Trabada no se reintegró hasta la fecha al desempeño de su cargo”¹⁵.

Este último oficio -número 368- coñecémolo na súa integridade. Nel denúnciase o abandono en que se atopaba o ensino como consecuencia da ausencia do mestre propietario e solicitábase que se ordenase pola superioridade a provisión desta escola. E neste sentido a Alcaldía permítese recomendar a unha mestra existente no mesmo concello, sen experiencia docente, pois ven de conseguir o título, pero “que reúne inmejorables condiciones para el desempeño de dicho cargo y es una entusiasta ferviente del movimiento inspirado por la gloriosa Junta de Defensa Nacional”¹⁶.

En principio, esta información do alcalde resulta coherente con outras: se andaba escapado, mal podía atender as súas obrigas docentes. A recomendación dunha determinada substituta tamén está en harmonía coa conducta usual das autoridades locais, pois sempre procuraron favorecer aos seus “amigos políticos”, mesmo se para conseguilo tiñan que lesionar os lexítimos dereitos doutras persoas.

Nos días seguintes a Alcaldía volve a ocuparse deste asunto. Remite ao Rectorado copia do título da mestra substituta de San Bernabé e á Sección Administrativa e Inspección de Lugo a relación de escolas vacantes e cubertas provisoriamente pola Alcaldía. O 26 de novembro comunícase á Sección Administrativa que non se reintegraran ás súas escolas os mestres que estaban ausentes o primeiro de setembro, e o 30 deste mesmo mes que a escola de San Bernabé estaba servida por unha substituta nomeada pola Alcaldía, debido á ausencia do seu propietario. No concello de Baleira chegouse a abrir un “LIBRO-REGISTRO

¹⁵ *Ibid.*

¹⁶ Comunicación da Alcaldía de Baleira ao Rectorado da Universidade de Santiago, Arquivo Histórico Universitario de Santiago, leg. 176.

de nombramientos de Maestros Nacionales efectuados por la Alcaldía de este Ayuntamiento, con carácter provisional, en uso de las facultades que le confiere la Orden número 229 de la Junta de Defensa Nacional”, onde figura un único nomeamento e toma de posesión, realizados o 17 de outubro. Este Libro xa estaba preparado antes de facerse o nomeamento da substituta, pois está asinado o 1 de outubro de 1936¹⁷.

Ao enterarse de que a súa praza estaba sendo desempeñada por unha substituta, Arximiro debeu caer na conta de que os seus inimigos non repararían en medios para desfacérense del, polo que seguramente acentuaría as precaucións. Durmía no monte, canda o seu irmán Gumersindo, levándolles a comida un amigo da casa. Non foron os únicos que sufriron a represión en San Bernabé, pois os falanxistas presentáronse aquí en varias ocasións, pegándolle á xente e sementando o terror.

En 1937 segue a producirse desde a Alcaldía información relacionada co caso. O 4 de xaneiro envíanse ao director do instituto, como presidente da Comisión depuradora do Maxisterio de Lugo, as “fichas” dos mestres deste concello. Ademais de ser desposuído da súa escola, Arximiro vese sometido a un proceso de “depuración” que permita decidir sobre a súa idoneidade para o cargo, considerada agora desde unha perspectiva netamente ideolóxica. Como é ben sabido, tal proceso afectou masivamente ao maxisterio.

As comisións depuratoras provinciais debían solicitar catro informes, asinados polo alcalde, a Garda Civil, o párroco e o presidente da asociación de pais ou, no seu defecto, unha persoa de solvencia moral da localidade onde exercía o mestre. Neles tiñan que deixar constancia da conducta profesional, política, moral e relixiosa do implicado¹⁸. Vexamos a imaxe que do noso protagonista ofrecen os tres primeiros informantes -alcalde (A), garda civil (GC) e párroco (P)- nos cuestionarios que se lles remitiron a tales efectos, asinados o 4 de xaneiro, 16 de febreiro e 7 de xaneiro de 1937, respectivamente¹⁹.

Idade: 32 (A), 30 (GC e P).

Estado: solteiro (A, GC e P).

¹⁷ Este Libro -en realidade trátase de dúas follas- está depositado no Arquivo Municipal de Baleira, carpeta sen clasificar.

¹⁸ Francisco Morente Valero, *La escuela y el estado nuevo. La depuración del magisterio nacional (1936-1943)*, Valladolid, Ámbito, 1997, páxs. 200-201.

¹⁹ Expediente de depuración de Arximiro Rico Trabada, Arquivo Xeral da Administración (Alcalá de Henares), Educación, leg. 242, exp. 45.

Natureza: San Bernabé-Baleira (A, GC), Santiago de Martín (P).

Asistía á misa: si (A), non (P).

Asistía a súa familia á misa: si (A), non (P).

Tempo que leva residindo na localidade: sempre (A), todo (GC), sempre (P).

Fóra da escola, de que se ocupaba: “a la agricultura” (A), “en propagandas de izquierda” (GC), “no sé” (P).

Facía ostentación e propaganda de ideas esquerdistas: detállese: “no le consta este extremo al informante” (A); “hacia las de izquierda Republicana” (GC), “perteneía al partido de izquierda republicana” (P).

Asistí a reunións: si (GC e P).

De que clase: “de las de izquierdas” (GC), “de izquierda republicana” (P).

Horas que dedicaba á escola: seis (A), todas (GC e P).

Levaba a ela ideas perturbadoras: non (A e GC), “no me consta” (P).

Cal foi a súa conducta nas clases de adultos: boa (A e GC), “no sé que haya sido mala” (P).

Cantouse a Internacional: non (A e GC), “no sé” (P).

Saudaban co puño: non (A e GC), “no sé” (P).

Como ensinaba: Ben (A, GC e P).

Con entusiasmo: si (A, GC e P).

Estivo afiliado a algún partido político (Dereita, Fronte Popular, Galeguista ou outro): “se cree que al de Izquierda Republicana” (A), “al de Azaña” (GC), “izquierda republicana” (P); en que fecha: “se ignora”(A), “desde antes del Movimiento” (GC), “desde hace dos años” (P).

Cotizaba para algunha asociación de socorro: non saben (A, GC, P).

Pertencía a algunha sociedade: Rotario: non (P); Masón: non (P); Outras: non saben (A, GC, P).

Foi suspendido de emprego e soldo: non (A); “ahora sí” (P).

Sofreu algunha detención: non (A e P), “se ignora” (GC).

Outras observacións:

“En orden a la enseñanza, este Maestro estaba considerado entre los primeros de la provincia por su competencia, celo y entusiasmo en el ejercicio de su profesión, hallándose el vecindario plenamente satisfecho de su actuación” (A).

“En la actualidad no regenta la escuela y no se presentó cuando se habrió (sic) el curso del pasado septiembre, daba mítines y hacía propagandas de extrema izquierda” (GC).

“Hasta que fue maestro de San Bernabé siempre observó buena conducta, en todos los

aspectos" (P).

Como pode observarse, o cuestionario elaborado pola Comisión depuradora lucense procuraba información sobre a vida profesional, a conducta relixiosa e a posición política do maxisterio. No tocante á competencia, dedicación e entusiasmo non había dúbidas: todos avalaban sen reservas a Arximiro, debendo subliñarse a louvanza incondicional do alcalde de Baleira -o titular da Alcaldía tiña mudado o 2 de decembro de 1936- en "outras observacións". Polo demais, da Comisión depuradora formaba parte, como secretario da mesma, o inspector Joaquín García Ojeda, que quedara admirado do labor do mestre na súa visita á escola de San Bernabé e podía corroborar estes informes.

En materia relixiosa, as afirmacións que se fan son contradictorias. A Garda civil -tratábase do comandante do posto de Castro de Rei- non se pronuncia sobre se ían ou non á misa el e a súa familia, o alcalde di que si e o crego que non. A máxima autoridade nesta materia era, desde logo, o representante eclesiástico, pero hai motivos para dudar que ese non tan taxativo se axustase á realidade. Para dicilo con máis precisión: todo semella indicar que era falso, polo menos así formulado. É posible, de todas formas, que despois do incidente ocorrido na igrexa de Martín e do enfrontamento co seu párroco, Arximiro e a súa familia deixasen de frecuentar por algún tempo os oficios relixiosos neste lugar. Polo demais, Asunción Rico recoñece que nin seu pai nin seu tío eran homes que fosen á misa todos os días festivos, aínda que normalmente si o facían.

Politicamente todos o sitúan en *Izquierda Republicana*, partido ao que estaba afiliado, segundo a Garda civil e o párroco -este precisa que desde 1935-, se ben o alcalde non o sostén de modo categórico, e limitase a consignar que tal é a afiliación que se lle supón. A Garda civil insistía no seu activismo político: facía propaganda, asistía a reunións e tiña participado en diversos mitins, o párroco dicía que asistía a reunións e ao alcalde nada lle constaba ao respecto. Iso si, ninguén afirmaba que utilizase a escola para facer proselitismo -transmitir "ideas perturbadoras"-, que se cantase a Internacional ou se saudase co puño ergueito: tales extremos néganse explicitamente en dous informes, aínda que o crego exprésase con menos contundencia: "no sé".

No expediente de depuración figura un anaco de folla, escrito a máquina, sen data nin sinatura, supoñemos que reclamado pola propia Comisión, onde se pode ler:

Con fecha de 14 de septiembre de 1.935 se presentó en el Gobierno civil de esta provincia una instancia suscrita por D. Argimiro Rico Trabada, D. M. C. F.20 y un tal Rico Castro,

todos maiores de idade e vecinos de Baleira, solicitando autorización para constituir una Agrupación filial del Partido Nacional de "IZQUIERDA REPUBLICANA", acompañada del Reglamento para su aprobación²¹.

Se a información deste papel é fiable, Arximiro, posiblemente convencido polo seu irmán Jesús María, teríase decidido en 1935 a formar parte do partido liderado por Manuel Azaña, paso que tamén deron outros moitos mestres.

O contido dos tres informes considerados era diferente, e cabe pensar que tamén a súa intencionalidade. Contrasta sobre todo o do alcalde co do crego, que eran dúas persoas xeograficamente próximas ao mestre, e polo tanto os mellor informados sobre a súa conducta. O primeiro pretendía favorecerlo, ou polo menos non perxudicalo, o que resulta un tanto contradictorio coas decisións que tiña adoptado inicialmente o poder local respecto del, se ben convén ter presente o cambio que se producira á fronte da Alcaldía. O segundo, aínda que pedagoxicamente non ten nada que obxectar -os cargos nesta dirección serían dificilmente cribles-, politicamente identifícao como un individuo de esquerdas e en materia relixiosa acusao de non ir á misa. Con todo, remata o seu escrito cunha observación que ninguén lle pedía e que favorecía ao mestre, cando menos ata que tomou posesión da escola de San Bernabé.

Pero deixemos, de momento, o expediente de depuración e volvamos ao outro conflito co que se enfrontaba Arximiro: a súa destitución por parte da Alcaldía. O 21 de xaneiro de 1937 esta fai chegar á Inspección "copia literal de la comparecencia recibida ante Consejo local sobre cumplimiento Maestro Argimiro Rico Trabada". Unha vez máis, nada sabemos do contido deste oficio. O máis probable é que se tratase dunha comparecencia solicitada polo mestre para defenderse dos cargos que se lle apuñan.

O 9 de abril de 1937 a inspectora de ensino primario Elisa R. Diéguez, encargada da zona 5ª, emite un informe a petición do Rectorado. Nel afirmase que o 8 de xaneiro deste mesmo ano, a Sección Administrativa da provincia diríxese á Inspección para que informe se a escola de San Bernabé está rexentada polo mestre propietario ou pola substituta, "ya que ambos, diciéndose maestros de ella, reclaman haberes". Recollidos os datos pertinentes, a Inspección chegou ás seguintes conclusións: que o mestre propietario da escola de San Bernabé, don Arximiro Rico Trabada, "se presentó en su destino en 1º de Septiembre [de

²⁰ Por desexo da familia, reproducimos unicamente as iniciais

²¹ Expediente de depuración de Arximiro Rico Trabada, citado.

1936] dando desde ese día las clases con regularidad"; que o 17 de outubro deste ano o alcalde de Baleira "nombró sin causa justificada una sustituta para la escuela de S. Bernabé obligando a cesar a D. Argimiro Rico"; que a substituta se fixo cargo da escola con esta data e nela continúa. Non se trataba, xa que logo, de abandono de destino, como afirmara no seu día a Alcaldía, senón dunha destitución ilegal.

Comunicadas tales conclusións á Sección Administrativa, esta entendeu que o alcalde de Baleira "se había excedido en sus funciones al sustituir a D. Argimiro Rico", pois a normativa vixente só autorizaba que os alcaldes designasen substitutos cando o propietario non estivese á fronte da escola o 1 de setembro. De modo que, con data de 30 de xaneiro de 1937, dita Sección puxo o caso en coñecemento do gobernador civil para que resolvese ao respecto, propóndolle as seguintes medidas: "que se ordenase al Sr. Alcalde de Baleira la inmediata reposición de D. Argimiro Rico en su escuela"; que se lle recoñecesen os servizos desde o 1 de setembro ata que lle fose restituída a escola, tanto a efectos económicos como administrativos; que se declarase responsable ao alcalde de Baleira da retribución que, no seu caso, lle correspondese á substituta; e que se depurasen as responsabilidades en que o citado alcalde puidese ter incorrido. Pero aínda que xa transcorreran máis de dous meses desde que se fixeran estas propostas, "no hay noticia de que dicha Autoridad [o gobernador civil] haya resuelto cosa alguna sobre ello", conclúe a inspectora²².

Este informe posiblemente reflicta con bastante precisión o que aconteceu. Se ben Arximiro contaba con bos amigos na Inspección de ensino primario -lémbrense as palabras do agora inspector-xefe Joaquín García Ojeda cando visitou a escola de San Bernabé-, non semella verosímil que unha inspectora se arriscase a alterar substancialmente as cousas para beneficalo, sobre todo nos tempos que corrían e sabendo que non lle faltaban inimigos. En todo caso, e aínda que se limitase a cumprir coas súas obrigas, merece ser subliñado o feito de que a administración escolar fixese valer os dereitos deste mestre e mesmo pedise responsabilidades aos poderes locais polo seu proceder arbitrario.

Durante estes meses de vacacións obrigatorias Arximiro debía andar polo San Bernabé, pois tal é o destino dun oficio que lle fixo chegar a Alcaldía o 26 de abril, trasladándolle "la comunicación de la inspección de 1ª enseñanza nº 494 de 24 del actual, referente a reclamación de haberes que formula la sustituta (...)", oficiándose en idénticos termos a esta última. Tampouco nesta ocasión sabemos o sentido desta resolución, pero tendo en conta o

²² Comunicación da Inspección de Lugo ao Rectorado, 9 de abril de 1937, Arquivo Histórico Universitario de Santiago, leg. 176.

informe da inspectora antes mencionado, así como os testemuños dos nosos informantes, debeu ser favorable aos intereses do propietario.

E por fin, o 30 de abril de 1937 a Alcaldía oficiou de novo á Inspección, á Sección Administrativa e ao Rectorado: "Se le da traslado de la comunicación fecha 29 del corriente de haberse posesionado D. Argimiro Rico Trabada de la escuela de San Bernabé". Arximiro gañara esta batalla, malia ter case todo na súa contra no entorno máis inmediato, pero a guerra tíña perdida, e el posiblemente o soubese.

Cando andaba nestes preitos, un día visitou a casa de Estrella Trashorras Díaz, que daquela era unha nena. Fíxoo para porlle unha inxección ao pai desta nena, que estaba doente. E colléndoa no colo díxolle as seguintes palabras, que ela reproduce de tal forma e con tanta tenrura que un ten a impresión estar escoitando ao propio Arximiro: "A ti, así que seas máis grandíña, cando poidas ir para o colegio, heiche de aprender eu ben cousas, se me deixan...". E proseguíu: "Tes que estudar ben, tu tes que aprender a ler ben e tes que estudar moito". Non é de estrañar que Estrella lamente non ter nacido antes para poder ser ensinada por Arximiro: "Por eso eu teño hasta pena por non nacer antes, ou que non o mataran a el, que era o mellor". Posiblemente non se poden dicir palabras máis bonitas sobre un mestre.

Así pois, Arximiro encargouse de novo da súa escola, aínda que por pouco tempo, pois estaban próximas as vacacións de verán, e xa sabemos que desde o mes de xuño inclusive a asistencia adoitaba ser nula. O 11 de xuño era a festa de San Bernabé, á que acudía moita xente dos arredores, pois era un santo con moitos devotos. Tamén o fixo un tío meu, José de Gabriel, que tivera o proxecto de ir estudar con Arximiro para ingresar en Facenda, se ben non puido facelo realidade. Despois ingresou na Garda de asalto e naquel momento estaba na guerra, na fronte de Oviedo. Sabedor de que Arximiro era perseguido, propúxolle que se incorporase a este corpo policial, onde el lle podía facilitar os contactos para entrar. Pero o mestre díxolle que non, que o peor xa tiña pasado e que seguramente non se volverían meter con el. O feito de que o repuxeran na súa escola posiblemente lle deu esperanzas neste sentido.

Faltaba aínda por resolver o expediente de depuración. O 16 de xuño a Comisión depuradora provincial remitiulle o prego de cargos, dándolle dez días para defenderse deles:

PRIMER CARGO.- Que no iba a misa y que en unas misiones dadas por los Jesuitas en la parroquia de Martín, el año 1934, interrumpió algunos de sus actos.

SEGUNDO CARGO.- Que pertenecía al Comité de Izquierda Republicana habiendo pre-

sentado el 14 de septiembre de 1935 en el Gobierno civil de esta provincia un acta solicitando la aprobación del Reglamento por que había de regirse la agrupación de aquel partido.

TERCER CARGO.- Que propagó ideas de extrema izquierda interviniendo personalmente en mítines de este carácter celebrados en ese ayuntamiento y otros²³.

Deixémolo defenderse destas acusacións coa extensión que require o caso, pois o prego de descargos é o único documento de que dispomos para coñecermos a súa versión dos feitos:

PRIMERO.- Que siempre asistió a la Santa Misa todos los domingos y a los demás actos religiosos con el fervor de todo fiel creyente de la Santa Religión Católica. Que como tal creyente, al ser prohibida la enseñanza de la Religión en las escuelas, repartió cinco docenas de Catecismos de la Doctrina Cristiana y tres docenas de manuales de Religión e Historia Sagrada entre los alumnos de su escuela; que no retiró el Crucifijo de la misma hasta después de siete meses de haber sido decretado, y sólo entonces, por amenaza de denuncia contra él elevada a la superioridad; que no es cierto que haya interrumpido ningún acto de la Santa Misión dada por un Sacerdote Jesuita en la parroquia de Martín el año 1934, sino que al contrario, hizo cuanto le fue posible para calmar los ánimos y restablecer el orden en un incidente ocurrido, todo lo cual puede probarlo con los vecinos de la precitada parroquia de Martín y de las limitrofes a ésta.

SEGUNDO.- Que desde el 18 de julio de 1936 contribuyó con cuantos medios tuvo a su alcance al triunfo del glorioso movimiento del Ejército Español sirviendo con todo entusiasmo y lealtad el régimen establecido.

TERCERO.- Que es inexacto que haya propagado ideas de extrema izquierda ni de ningún matiz político, limitándose su actuación con los labradores, única y exclusivamente, a enseñarles la organización y funcionamiento de las cooperativas de producción y de consumo, a divulgar los nuevos procedimientos de cultivo, los principios básicos de la zootecnia aplicados a las modalidades de la región, la utilidad de la repoblación forestal y a despertar el amor a la cultura y a la escuela entre la gente del campo; que es también inexacto que haya intervenido en mítines de carácter político, y algunas conferencias que tuvo ocasión de pronunciar sólo tuvieron el carácter cultural y agrícola que queda indicado. En el Ayuntamiento de Baleira es cierto que intervino en una ocasión con motivo de una protesta elevada por varios vecinos contra un repartimiento caprichoso de utilidades, pero no

²³ Expediente de depuración de Arximiro Rico Trabada, citado.

como propagandista político, sino con carácter conciliador para exponer a los reclamantes los principios de derecho en que debían fundamentar la reclamación, así como aconsejarles las normas para hacer un reparto legal y equitativo alejado de toda intriga de partidos.

Para demostrar la veracidad de cuantas afirmaciones deja hechas, se remite al testimonio de todos los padres de familia del distrito escolar y de los vecinos de la parroquia de Martín²⁴.

Este documento, escrito a máquina e asinado o 24 de xuño, está perfectamente redactado e pon de manifesto a mestría de Arximiro nestes mesteres. No que respecta ao primeiro cargo, penso que consegue desvirtualo. Ademais de negar a falta de asistencia á misa e de aclarar cal foi a súa posición no incidente producido na igrexa de Martín -acusación contradictoria en si mesma, pois se non ía aos actos relixiosos mal podía interromper ao crego-, deixa constancia da súa preocupación pola formación relixiosa dos alumnos, circunstancia que tres deles me confirmaron sen eu terlles preguntado ao respecto. Tamén alude á súa resistencia a retirar o crucifixo da escola, que adiou o máis posible.

O terceiro cargo tamén queda basicamente desvirtuado. Aínda tendo en conta que naqueles momentos a "extrema esquerda" podía estar moi próxima ao centro, a imaxe que de Arximiro temos non se axusta en absoluto á dun extremista. É posible que nas eleccións de 1936 tivese participado nalgún mitin -Arsenio Díaz, que estaba daquela no San Bernabé non ten constancia de que así fose-, ademais de intervir na festa republicana de Montecubeiro xa mencionada, pero o seu labor foi fundamentalmente cultural e pedagóxico.

O segundo cargo era moito mais concreto. Acusábano de ter presentado, nunha determinada data, o regulamento para constituír unha agrupación local de *Izquierda Republicana*. E Arximiro nada di sobre este extremo. Cabe pensar que se fose inexacto negaríao sen máis: como non o fai, posiblemente fose certo. Limitábase a consignar o seu comportamento a partir do 18 de xullo de 1936, a súa contribución ao triunfo do "glorioso movemento". Non sabemos en que consistiu esa contribución, nin seremos nós quen a cuestione retrospectivamente. Só sabemos que, calquera que fose, resultou insuficiente. Constantino Fernández conta que, segundo lle ten escoitado a Isaac, un mestre amigo de Arximiro, ambos se fixeran requetés, presumiblemente co propósito de dispor dalgunha cobertura nas difíciles circunstancias polas que un e outro atravesaban. Pero se esta afiliación se chegou a producir -Manuel

²⁴ *Ibid.*

Sarille dubídao, se ben recoñece que nesas circunstancias calquera cousa puido acontecer-debeu ser despois do 24 de xuño, pois no documento que estamos a considerar non se alude á mesma, e sería unha boa ocasión para facelo.

Para demostrar que os cargos carecían de fundamento e que os veciños estaban da súa parte, Arximiro presentou un escrito asinado, segundo el mesmo di, por “todos os pais de familia do distrito escolar e os veciños da parroquia de Martín”, dirixido ao presidente da Comisión depuradora provincial e datado o 24 de xuño, onde se afirmaba:

Que habiéndose enterado de que se le seguía un expediente de depuración al Maestro nacional de este pueblo D. Argimiro Rico Trabada, se creen en el deber de hacer constar ante V. S. que el citado Maestro por su acertada y fecunda labor educativa y patriótica, por la elevada moralidad y virtudes cristianas de que es dechado, por su incansable esfuerzo en labrar la prosperidad de este pueblo, por haber sido la intensa obra realizada por este funcionario dentro y fuera de la Escuela ajena y libre de toda tendencia sectaria y política, ha merecido el aprecio de cuantas personas conocieron su actuación y el cariño del pueblo que ve en él un buen protector²⁵.

Trátase dun escrito breve pero de indubidable valor. Nel recoñécese o traballo realizado polo noso protagonista tanto dentro como fóra da escola, libre de todo sectarismo -á marxe de cales foran as súas ideas políticas-, e afirmase o cariño que todos lle tiñan. Porque foi efectivamente asinado por case todos os veciños do distrito escolar -Paradela, As Salgueiras, O Loureiro, A Xesteira e San Bernabé-, como moito faltaría a representación dunha ou dúas casas²⁶. Non así polos de Martín e outros lugares desta parroquia, non sabemos se por falta de tempo para recoller as sinaturas -o prazo concedido para os descargos era de dez días- ou por outros motivos. De fóra do distrito escolar só aparece un señor de Murias.

Que estaban todos con Arximiro, ou polo menos que ninguén se atreveu a rachar esta unanimidade, demóstrao o feito de que o crego da parroquia non conseguise que ninguén se prestase a facer o informe en calidade de pai de familia -preceptivo, xunto co do alcalde,

²⁵ *Ibid.*

²⁶ Aínda que neste traballo non figuran polo xeral nomes de persoas, entendo que se debe facer constar os de todos os asinantes deste documento: Eduardo Torneiro, José Fernández, Carmen Fernández, José Ameijide, Josefa Fernández, Antonio Méndez, Josefa Díaz, Genoveva Rey, Manuel Ares, José Fernández Pérez, Antonio Rancaño, Benito Méndez, Pedro Gómez, Antonio Torneiro, Pedro Fernández, Jesús Fernández, Ramón Cobas, Antonio Saavedra, Manuel Pin, Dionisio Díaz, José Trasarros, Ricardo Fernández e Pedro Vilares.

Comisión depuradora del Magisterio de Lugo

Reunidos por esta Comisión depuradora los informes relativos al maestro D. ARGIMIRO RICO TRABADA MAESTRO DE SAN BERNABE Ayuntº de BALBIRA y debidamente cotejados, resulta, a juicio de la misma, como síntesis de dichos informes, lo que sigue:

En su profesión cumple bien

En su actuación social contribuye a la propaganda de ideas antipatrióticas dando mítines en varios ayuntº de la extrema izquierda.

En su conducta religiosa no iba a misa

En política pertenencia a Izquierda republicana habiende presentado el 14 de septiembre de 1935 en el Gobierno civil un acta solicitando la aprobación del reglamento por que había de regirse la agrupación de Izquierda Republicana

En su proceder privado

Además desapareció al iniciarse el movimiento volviendo mas tarde. Interrumpió unas misiones que daban los Jesuitas en la parroquia de Martín el año de 1934

Presentó en defensa del pliego de cargos documentos que no los desvirtuan

Por todo lo cual la Comisión propone, por unanimidad a V. E. que dicho maestro sea destituido de su cargo.

Lugo 28 de junio de 1937.

Vocal,

Vocal,

Vocal,

El Presidente,

El Secretario,

Luis F. Claver
Narciso de Gabriel
Antonio López
Antonio López
Antonio López
Antonio López

Que estaban todos con Arximiro, ou polo menos que ninguén se atreveu a rachar esta unanimidade, demóstrao o feito de que o crego da parroquia non consegue que ninguén se prestase a facer o informe en calidade de pai de familia -preceptivo, xunto co do alcalde, crego e Garda civil- que tiña solicitado a Comisión depuradora provincial. O 5 de xuño de 1937, poucos días antes de que se asinase o escrito de apoio masivo ao mestre, o crego diríxese ao secretario desta Comisión -Joaquín García Ojeda- nos seguintes termos:

Tengo el honor de participar a usted, en contestación a su oficio para que un padre de familia informase acerca del Señor Maestro de San Bernabé, que he procurado cumplimentarlo solicitándolo a varios padres de familia no pudiendo conseguir que informasen por razones que se reservaron²⁷.

Esta negativa unánime obedecía sen dúbida a unha decisión premeditada e acordada polo conxunto dos veciños. Non informaría ningún en particular, faríano todos e na mesma dirección. A unidade de San Bernabé, da que se gaban a miúdo os meus informantes, púxose unha vez máis de manifesto. Aínda que algúns é moi posible que recibisen presións para informaren a título individual, ninguén se atreveu a rachar a unanimidade.

Quen si informou á Comisión depuradora provincial, particularmente e sen que ninguén llo solicitara, foi un veciño de Baleira que non pertencía á parroquia de Martín, integrante dunha familia enfrontada aos Rico, acolléndose á posibilidade contemplada por unha circular, que convidaba a "todos los buenos Españoles, para que ayuden a depurar la actuación de los que por su proceder han contribuido a llevar a nuestra querida España a la situación actual". E apresurouse a facelo, pois o seu escrito ten data de 4 de xaneiro de 1937. Despois de consignar que Arximiro tiña presentado no Goberno civil de Lugo a documentación necesaria para constituír unha agrupación de *Izquierda Republicana*, prosegue:

Dicho partido pertenecía al frente Popular y no cabe duda de que el Maestro citado, que como dejo dicho era uno de los que componían el Comité del mismo en Baleira, actuó como dirigente, contribuyendo a la propaganda de ideas antipatrióticas, dando mitines en varios Ayuntamientos y predicando en ellos ideas disolventes.

En el citado Gobierno civil, existe el acta citada [solicitando a legalización do partido], como puede V. S. comprobar si lo desea.

²⁷ Expediente de depuración de Arximiro Rico Trabada, citado.

Me complazco en elevarle el presente escrito, pues con ello hago, como buen patriota, un servicio a nuestra querida España²⁸.

Con todo este material, o 28 de xuño de 1937 a Comisión depuradora fai a seguinte valoración da conducta do mestre de San Bernabé. Na súa profesión cumpre “bien”; na súa actuación social “contribuyó a la propaganda de ideas antipatrióticas dando mítines en varios ayunt^o de la extrema izquierda”; na súa conducta relixiosa “no iba a misa”; en política pertenecía a *Izquierda Republicana*, tal como se desprendía do escrito presentado no Gobierno civil; ademais, “desapareció al iniciarse el movimiento volviendo más tarde. Interrumpió unas misiones que daban los Jesuitas en la parroquia de Martín el año de 1934”. A defensa dos cargos “no los desvirtúan”. En consecuencia, proponse, por unanimidade, que sexa “destituido de su cargo”. Desta Comisión formaba parte, como secretario, Joaquín García Ojeda. Non sabemos o que pasou pola súa cabeza cando asinou esta acta. Nun primeiro momento teño a impresión de que procurou axudar a Arximiro, pero chegado un determinado punto entendeu que non podía ou non lle conviña ir máis alá na súa defensa.

A Comisión depuradora central foi máis benévola. En decembro de 1939 o vocal encargado de dictaminar sobre o expediente de depuración conclúe:

Visto el expediente y teniendo en cuenta que varios cargos no están probados y su buena conducta pedagógica y moral, no habiendo llevado ideas perturbadoras a la clase y mostrando celo y entusiasmo por la enseñanza, se propone:

Suspensión de empleo y sueldo por un año, siéndole de abono para su cumplimiento el tiempo que haya estado suspendido, traslado forzoso dentro de la provincia con prohibición de solicitar cargos vacantes durante un año e inhabilitación para cargos directivos y de confianza²⁹.

A sanción proposta era relativamente indulxente, pero chegaba demasiado tarde: en decembro de 1939 o seu destinatario levaba algo máis de dous anos morto.

Arximiro parece ser que estaba ao tanto da decisión da Comisión provincial, así como da difícil situación pola que pasaban algúns dos seus amigos. Moi a finais de xullo de 1937 foino visitar Bonifacio Sarille, que dous días antes saíra da súa casa pegando tiros para superar o cerco de que era obxecto.

²⁸ *Ibid.*

²⁹ *Ibid.* O subliñado non figura no orixinal.

O mes de agosto debeuno pasar en Lugo, onde seguramente tiña bos amigos, mesmo nestes tempos terribles para todos os que non eran ou non lles deixaban ser adictos ao réxime. Segundo teñen escoitado Ramón Díaz Muíño e outros informantes, aproveitouno para facer uns cursiños, posiblemente os organizados pola Asociación Católica de Mestres, que se iniciaron o día 16 e tiveron unha asistencia masiva: 1.009 participantes³⁰. Antón Arias di que por estas datas se afiliou ao SEM (Sindicato Español do Maxisterio). Arsenio Díaz Saavedra conta que conseguira un salvoconducto do gobernador civil.

Mentres se celebraban estes cursiños producíronse, cara o 20 de agosto, os “sucesos de Montecubeiro”, que se iniciaron coa morte de dous gardas civís en enfrontamento cos fuxidos e remataron coa matanza indiscriminada de varias persoas, entre elas Carmen Sarille, a irmá de Manuel e Bonifacio. Este último foi a San Bernabé para advertir a Arximiro de que fuxise, pois aveciñábase unha gran represión en toda a bisbarra. Non deu co mestre e falou coa súa nai, a señora Carmen.

Os amigos que tiña en Lugo tamén lle aconsellaron que non volvесе á casa, pero non fixo caso das advertencias. A súa conciencia debía estar tranquila e posiblemente se sentise arroupado polas credenciais que conseguira e polo feito de terlle sido restituída a escola. E dirixiuse cara San Bernabé en compañía do seu amigo Isaac, mestre tamén. Ao chegaren a Rixoán no coche de liña, Isaac viu unha xente que non lle gustou e díxolle: “Arximiro, é mellor que nos volvamos para Lugo”. El así o fixo, pero o mestre de San Bernabé seguiu camiño en dirección ao seu domicilio (Fernández Trashorras).

Estábano agardando. Ao pouco de chegar formáronse en Baleira dous grupos de falanxistas co propósito de prender ao médico Escobar -líder das “esquerdas” no concello- e ao mestre de San Bernabé. Co primeiro non deron, pois avisárono do que se aveciñaba -os meus informantes aluden polo menos a tres persoas distintas como portadoras de tal aviso- e fuxiu. Co segundo tiveron máis sorte.

No San Bernabé presentouse un grupo dunhas doce persoas que rodearon a casa dos Rico. Era de noite e chamaron á porta. Arximiro baixou abrir, desatendendo as peticións da súa nai para que non o fixese. Unha desas persoas -conta Constantino Fernández, que llo ten escoitado á nai do mestre- botoulle unha man no ombreiro e díxolle: “Destá non te libras”.

³⁰ Comunicación do inspector-xefe Joaquín García Ojeda ao Rectorado, 1 de setembro de 1937, Arquivo Histórico Universitario de Santiago, leg. 176. A comunicación está acompañada do programa destes cursiños, saturados de contidos relixiosos e “patrióticos”.

Prendérono e levárono mentres a súa nai pedía que llo deixasen. Na Muíña pararon para comer e beberen na taberna dos meus avós paternos e deixárono atado a unha argola destinada a prender o gando. A miña avoa tentou darlle auga e non lle deixaron. Déronlle en cambio unhas patadas. E seguiron bebendo, posiblemente para colleren forzas³¹. Logo dirixíronse pola serra cara Montecubeiro, que tiña sido declarada zona de guerra e onde un tenente coronel da Garda Civil se encargaba de facer valer a forza do terror. Algúns dos que con el fan fixeron sen esforzo parte da ascensión, pois subiron a cabalo do mestre de San Bernabé. E na Serra de Montecubeiro aconteceu o que resulta máis estremecedor. Cortáronlle os testículos. Quitáronlle os ollos. Cortáronlle a lingua. E rematárono a paos e tiros de escopeta. Era o 1 de setembro de 1937³².

Pasado un certo tempo -posiblemente uns dous días-, fíxose cargo do seu cadáver e enterrouno un primo que tiña en Montecubeiro chamado José Trabada Pérez, que tamén era falanxista³³. Nas mans de Arximiro había, segundo ten escoitado Antón Arias, un carné do Servicio Español do Maxisterio. De pouco lle valeu.

Non sabemos a secuencia exacta dos feitos, pero pouco importa. Non sabemos se foron exactamente así, aínda que todo semella indicar que -navallada arriba, navallada abaixo- desgraciadamente así foron as cousas. O relato de Manuel Sarille -realmente impresionante e baseado en diversas fontes orais- aproxímase moito ao que eu tiña escoitado de neno, e tamén ao que contan ou insinúan outros informantes, aínda que algúns teñen dificultades para describiren a carnicería. "Primeiro sacáronlle os ollos e despois fixéronlle..., bueno, non se pode contar sequera", dime unha antiga alumna súa.

Tampouco sabemos con exactitude -polo menos eu non sei- quen o matou. Case todas as testemuñas subliñan a responsabilidade dun home, que mesmo se chegou a gabar publicamente das bestialidades que fixera con Arximiro. Non mencionaremos o seu nome, nin tampouco o de ningún outro: o noso propósito non é identificar culpables, senón describir os feitos e deixar constancia da vida e morte dunha persoa exemplar en moitos aspectos. Pero

³¹ Debido á hora en que o prenderon, esta parada na taberna da Muíña é considerada pouco verosímil por algúns dos informantes aos que din a ler o texto que agora se publica, como é o caso de Ramón Díaz Muíño. Pero Manuel Sarille, a quen seguimos nesta descrición dos feitos, insiste en que as fontes por el consultadas lle relataron así os sucesos.

³² Este é a data que consta na partida de defunción da que ten copia Xosé Manuel Sarille. Asunción Rico, sobriña de Arximiro, e outros veciños tiñan a idea de que a morte se producira despois, cando xa estaba a piques de rematar a guerra, pero é evidente que non foi así.

³³ Despois de enterrar a Arximiro, este falanxista ao que os informantes cualifican como católico consecuente e boa persoa, foi na procura de Gumersindo Rico para entregalo ás autoridades en Lugo, salvándolle así a vida.

o máis impresionante é que ese home era amigo do mestre de San Bernabé: Antón Arias ten acompañado a Arximiro nalgunha das visitas que este fixera á casa deste seu amigo. Como alumnos ou pais de alumnos foron algúns dos que por acción ou omisión propiciaron o tráxico final deste mestre, malia asinaren o escrito no seu apoio.

Quen o matou posiblemente non sexa a pregunta máis interesante que se pode facer. Con todo, fixen algunhas indagacións ao respecto, máis que nada para procurar entender por que o mataron con tanto asaño. Alguén me dixo que había un home en Baleira -de avanzada idade, adscrito no seu día á Falanxe, pero que non tivo unha especial participación na represión- que, se quería, podía dar resposta ás miñas preguntas. Así que fun á súa casa. Resultou ser, como outros moitos, amigo do meu pai -morto hai xa demasiados anos-, que, unha vez máis, facilitaba as miñas indagacións.

Empezamos a conversar sobre as escolas de ferrado, que tiñan unha importante tradición neste lugar do concello de Baleira. Logo pregunteille polo mestre de San Bernabé, e empezou a falar do asunto con certa desgana: non se sentía cómodo. Sobre a súa morte dicía non saber nada: "Só o saben os que alí estiveron". Contrariando as máis elementais regras da entrevista fago unha valoración positiva sobre a figura de Arximiro antes de preguntarlle pola súa opinión ao respecto. E dime que algúns falaban efectivamente ben del e outros mal. Porque "un día meteuse co cura cando levantaba a hostia, e iso eu sei que foi así e non está ben" -aínda que non fixen uso da gravadora, por non aconsellalo as circunstancias, estas foron case literalmente as súas palabras, que anotei poucas horas despois de conversarmos-. Ademais, prosegue, "aquele era a guerra; aquí había dous bandos, e o que máis podía era o que daba os paos".

Esta breve conversa -non durou máis de vinte minutos- contén as principais claves explicativas dos sucesos que nos ocupan. A morte de Arximiro ten a súa orixe nos enfrontamentos, rivalidades, envexas e odios entre os dous grupos de notables e as súas clientelas. O clima creado pola guerra civil permitiu que tales enfrontamentos camiñasen por roteiros dunha crueldade difícil de imaxinar.

Nestas liortas interviñeron algúns membros da igrexa -á que determinados informantes conceden un especial protagonismo no caso-, pero máis na súa condición de integrantes do poder local -investidos, iso si, de toda a autoridade propia do seu cargo- que de representantes da institución eclesiástica. Convén subliñar, de todas formas, a especial significación que case todos coinciden en atribuírle ao enfrontamento que se producira no seu día entre Jesús María e o xesuíta que predicaba en Martín. Como vimos de comprobar,

nunha das versións que sobre estes feitos circularon, reproducida por un dos informantes, responsabilizábase non a Jesús María, senón a Arximiro de terse metido co crego na igrexa, e non en calquera momento: cando erguía a hostia. Había que inventar unha versión que estivese á altura do crime cometido.

¿Por que o mataron?. Se as respostas a este tipo de preguntas case nunca son simples, no caso que nos ocupa resultan especialmente complicadas, entre outras razóns debido á borrosidade da información de que dispomos. Matárono porque resultaba un personaxe incómodo para quen agora tiña o poder. Era un home dunha indubidable valía, con autoridade, prestixio e influencia nas xentes dos arredores, mesmo dos concellos limítrofes: "Valía máis que todos os que andaban detrás del xuntos", afirma un informante da Muíña; "era o home máis competente do concello de Baleira", di Constantino Fernández. Matárono porque, aínda sen ser, polo que sabemos, un "político", constituía un punto de referencia político que se pretendía enterrar definitivamente. Matárono porque, aínda tendo moitos amigos, tampouco carecía de inimigos, que agardaban a ocasión máis propicia para desfacerense del: non o mataron porque se tivera pronunciado en contra do "movimiento patriótico Nacional", acusárono de terse pronunciado neste sentido porque o querían matar.

Con todo, seguramente non o terían matado de non resistirse ás decisións do poder local cando o separou arbitrariamente da súa escola. No canto de resignarse, fixo valer os seus dereitos, con valentía e dignidade, e posiblemente sabendo a que se expuña. Conseguiu, co apoio da Inspección, ser repostado na súa escola, gañándolle a partida aos notables do lugar. Para estes a derrota debeu resultar especialmente humillante. Cando o 13 de outubro de 1937 a Alcaldía de Baleira oficia á inspectora provincial "comunicando que la escuela de San Bernabé se halla cerrada por abandono destino del Maestro propietario", podía facelo coa seguridade de que desta vez o abandono era real e sería definitivo.

A morte de Arximiro -que mellor sería cualificar como matanza- produciu unha verdadeira conmoción nos seus veciños e en toda a bisbarra. A súa nai quedou definitivamente marcada por esta traumática experiencia. Cega pola dor, formulou un desexo para os fillos de quen máis se singularizara na persecución do seu, que a guerra se encargou de facer realidade en boa medida: "E dixo que permitise Dios que lles desficesen os fillos deles como desfixeran eles o dela" (Fernández Trashorras). Algúns antigos alumnos seus que estaban na guerra en Oviedo, ao enterárense da morte do mestre reuníronse e decidiron vingalo, aínda que finalmente desistiron deste propósito, non tanto polas consecuencias que puidese ter para eles -unha bala podía cruzarse no seu camiño en calquera momento- como para as súas familias.

Con Arximiro mataron unha fonte de cultura que alimentaba as ansias de saber e de mellora das condicións de vida dos homes e mulleres de San Bernabé e dos arredores. Bastantes anos despois da súa morte, a nai de Xosé María Pin Millares dicía: “¡Ai se don Arximiro vivira, os meus fillos habían estudar!”³⁴

A súa memoria aínda permanece viva, polo menos nos máis vellos. Todos, ou case todos, falan do seu brillante maxisterio e da súa bonhomía. “Era un santo”, resume Antón Arias, que admira sen reservas a quen foi o seu mestre e amigo. En todos quedou gravada a súa penosa morte.

Pero a importancia de Arximiro Rico Trabada non radica na súa morte senón na súa vida, por máis que a forma en que o mataron resulte inseparable da súa figura. Unha vida dedicada ao ensino, á promoción social das persoas, á mellora das condicións de vida da súa xente. Se fósemos dados á grandilocuencia, diríamos que a morte o converteu nun mártir da Instrucción Pública -así, con maiúscula as dúas-. É a súa vida o que queremos honrar. É o seu maxisterio o que queremos reivindicar. É a súa memoria o que queremos rescatar para a nosa memoria colectiva.

RELACIÓN DE ENTREVISTADOS

Arias Dorado, Antón. (Quintá-Pousada, Baleira, 1920). Entrevistado o 30 de abril e 17 de xuño de 2000.

Díaz Muíño, Ramón. (Martín, Baleira, 1915). Entrevistado o 5 de marzo, 8 de abril e 12 de agosto de 2000.

Díaz Saavedra, Arsenio. (San Bernabé-Martín, Baleira, 1914). Entrevistado o 11 de xuño de 2000.

Díaz Vilar, Josefa. (Murias-Martín, Baleira, 1910). Entrevistada o 10 de xuño de 2000.

Fernández Trashorras, Constantino (Lúa, Pol, 1928). Entrevistado o 10 de xuño e 30 de setembro de 2000.

Gabriel Fernández, José de. (A Muíña-Pol, 1911). Entrevistado o 17 de abril de 2000.

García Fernández, Hilaria. (Castañosín-Piñeira, A Fonsagrada, 1935). Entrevistada o 2 de xaneiro de 2000.

Miranda Fernández, José Manuel. (Montecubeiro-Castroverde, 1919). Entrevistado o 1 de abril e 18 de xuño de 2000.

Pereira Calvín, Jesús. (Perrelos-A Esperela, Baleira, 1926). Entrevistado o 28 de xaneiro de 2000.

³⁴ Xosé María Pin Millares, comunicación persoal, 21 de setembro de 2000.

Rancaño Vilares, José. (San Bernabé-Martín, Baleira, 1912). Entrevistado o 3 e 25 de setembro de 1999.

Rico Navia, Asunción. (San Bernabé-Martín, Baleira, 1917). Entrevistada o 17 de xuño de 2000.

Sarille Lanceiro, Manuel. (Montecubeiro, Castroverde, 1923). Entrevistado o 19 de marzo e 30 de setembro de 2000.

Trashorras Díaz, Estrella. (San Bernabé-Martín, 1931). Entrevistada o 10 de xuño e 30 de setembro de 2000.